# OS LIBROS




## Explora a paisaxe

O señor Viramontañas cóntalles a Martiño e a Helena a viaxe que, cincuenta anos atrás, fixo co seu curmán: desde os manancíais do río ata a desembocadura no mar e o perigoso descenso polo barranco do Demo.




## Explora a atmosfera

Helena e Martiño seguen a pelexar coma o can e o gato. Por sorte, o señor Viramontañas sabe como tratalos e xuntos aprenden moitas cousas sobre a atmosfera e o tempo, ata que chega un huracán chamado Otilia e pon todo patas arriba.




## Explora o mundo animal

Maruja, a curmá do señor Viramontañas, levou un trompazo e leva o brazo en estribeira. Quen se vai ocupar agora da granxa? O señor Viramontañas está encantado de axudala, e tamén Helena. Pero, e Martiño? Quen He ía dicir, ao coitado, que acabaría vestido coma un granxeiro e muxindo unha vaca,

## Explora o corpo humano

O señor Viramontañas ensínalles a Martiño e a Helena a importancia dos cinco sentidos. Pero Martiño está preocupado por outra cousa. O seu corpo e o da súa veciña non son iguais. Por iso quere ter unha conversa de home a home co señor Viramontañas e que lle aclare algunhas cousas




## Explora o universo

Martiño e Helena cóanse na terraza do señor Viramontañas. Gustaríalles ver as estrelas a través do seu telescopio. Pero o seu veciño ten un problema moi gordo e teñen que axudarlle a resolvelo. En troques, o señor Viramontañas ensinaralles os misterios marabillosos do Universo




## Explora o mundo das plantas

Un bosque tarda centos e, ás veces, milleiros de anos en medrar, pero pode desaparecer en pouco tempo por culpa dun incendio ou polas necesidades do ser humano. O señor Viramontañas ten a solución para que a Terra non se converta nun deserto. Gustaríache coñecela? Entón, xunto con Martiño e Helena, terás que acompañalo nunha excursión a través da montaña.

